

SUBGRUPO A1-TEMA 8-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO

TEMA 8- Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia

1. De conformidade co establecido no artigo 2.A.e) do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, as medidas establecidas neste decreto teñen por finalidade:

- a) Ofrecer servizos aos cidadáns nas oficinas públicas, dentro das materias da súa competencia.
- b) Ofrecer servizos aos cidadáns nas oficinas integradas de atención á cidadanía.
- c) Ofrecer servizos aos cidadáns nas oficinas públicas, con independencia de cal sexa a Administración competente para coñecer o asunto.

2. De conformidade co establecido no seu artigo 6.a), as previsións do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia son:

- a) Adopción das medidas técnicas necesarias, co fin de satisfacer o previsto na normativa sobre austeridade.
- b) Adopción das medidas técnicas necesarias, co fin de satisfacer o previsto na normativa sobre accesibilidade.
- c) Adopción das medidas técnicas necesarias, co fin de satisfacer o previsto na normativa sobre transparencia e eficiencia.

3. De conformidade co establecido no seu artigo 6.b), as previsións do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia son:

- a) Na implantación dos sistemas previstos neste decreto, a Xunta de Galicia adoptará todas as medidas de austeridade e disciplina do gasto, garantindo os criterios de eficacia, eficiencia e transparencia.
- b) Na implantación dos sistemas previstos neste decreto, a Xunta de Galicia adoptará todas as medidas de austeridade, garantindo os criterios de eficiencia e eficacia.
- c) Na implantación dos sistemas previstos neste decreto, a Xunta de Galicia adoptará todas as medidas de austeridade e disciplina do gasto, garantindo os criterios de eficiencia e transparencia establecidos.

4. De conformidade co establecido no seu artigo 7.2, as previsións do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia son:

- a) As administracións garantirán o acceso a servizos electrónicos ás persoas con algún tipo de discapacidade e á infancia.
- b) As administracións garantirán o acceso a servizos electrónicos ás persoas maiores e á infancia.
- c) As administracións garantirán o acceso a servizos electrónicos ás persoas maiores ou con algún tipo de discapacidade e á infancia.

SUBGRUPO A1-TEMA 8-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO

5. Segundo o establecido no artigo 8.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia:

- a) A sede electrónica é o enderezo electrónico a través do cal os cidadáns acceden á información, servizos e trámites electrónicos.
- b) A sede electrónica é o enderezo de Internet a través do cal os cidadáns e as empresas acceden á información e servizos.
- c) A sede electrónica é o enderezo de acceso web a través do cal os cidadáns e as empresas acceden á información e servizos.

6. Segundo o establecido no artigo 8.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia:

- a) O enderezo da páxina web da Xunta de Galicia alóxase na sede electrónica.
- b) O enderezo electrónico de referencia da sede electrónica da Xunta de Galicia configúrase como un conxunto de páxinas web.
- c) O enderezo electrónico da sede electrónica da Xunta de Galicia créase polo conxunto das páxinas web da Administración.

7. Segundo o establecido no artigo 8.7 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, elaborará os estándares, normas, especificacións técnicas e guías de estilo:

- a) O Consello da Xunta de Galicia.
- b) O órgano de dirección con competencias xerais en materia de función pública.
- c) O órgano de dirección con competencias xerais en materia de desenvolvemento da Administración electrónica.

8. Segundo o establecido no artigo 10 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, a creación doutras sedes electrónicas:

- a) Farase respectando os principios de accesibilidade que recoñece este decreto.
- b) Axustarase ao protocolo de creación de sedes electrónicas.
- c) Poderá ser accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia.

9. Segundo o establecido no artigo 11.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre o rexistro electrónico da Xunta de Galicia:

- a) O rexistro electrónico permitirá a recepción e a remisión de solicitudes e escritos.
- b) O rexistro electrónico permitirá a recepción de calquera tipo de escrito.
- c) O rexistro electrónico facilitará a recepción e a remisión de comunicacións.

10. Segundo o establecido no artigo 11.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, o rexistro electrónico da Xunta de Galicia garantizará:

- a) A integración co rexistro da Administración xeral do Estado.
- b) A integración co rexistro xeral das demais comunidades autónomas.
- c) A integración co rexistro xeral.

SUBGRUPO A1-TEMA 8-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO

11. Segundo o establecido no artigo 11.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre o rexistro electrónico da Xunta de Galicia:

- a) Soamente se poderá interromper por motivos xustificados e polo tempo mínimo posible.
- b) Soamente se poderá interromper polo prazo máximo de 24 horas.
- c) Non se poderá interromper en ningún caso.

12. Segundo o establecido no artigo 11.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre o rexistro electrónico da Xunta de Galicia, no suposto de interrupción non planificada, visualizarase unha mensaxe no que se comunique esta circunstancia:

- a) Mensaxe que poderá servir como xustificante da presentación do escrito.
- b) Mensaxe que deberá de remitirse co documento que se presenta.
- c) Mensaxe que deberá servir de constancia documental para a presentación do escrito.

13. Segundo o establecido no artigo 12.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre a publicación no taboleiro de anuncios electrónico da Xunta de Galicia:

- a) Os actos e as comunicacións que deban publicarse no taboleiro de anuncios publicaranse na sede electrónica.
- b) Os actos e as comunicacións que deban publicarse no taboleiro de anuncios publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Os actos e as comunicacións que deban publicarse no taboleiro de anuncios remitiranse simultaneamente ao *Diario Oficial de Galicia* e ao *Boletín Oficial do Estado*.

14. Segundo o establecido no artigo 12.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre a publicación no taboleiro de anuncios electrónico da Xunta de Galicia:

- a) Os procedementos en ningún caso poderán establecer que a publicación na sede electrónica substitúa a do taboleiro de anuncios.
- b) Os procedementos poderán establecer que a publicación no *Diario Oficial de Galicia* substitúa a do taboleiro de anuncios.
- c) Os procedementos poderán establecer que a publicación na sede electrónica substitúa a do taboleiro de anuncios.

15. Segundo o establecido no artigo 14.7 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre as formas de identificación e autenticación:

- a) As entidades das administracións públicas do artigo 3 recoñecerán eficacia xurídica á autenticación realizada polos empregados públicos doutras administracións.
- b) As entidades administracións públicas do artigo 3, mediante acordo, recoñecerán en calquera caso a eficacia xurídica á autenticación realizada polos empregados públicos doutras administracións.
- c) As entidades administracións públicas do artigo 3, mediante convenio, poderán recoñecer eficacia xurídica á autenticación realizada polos empregados públicos doutras administracións.

SUBGRUPO A1-TEMA 8-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO

16. Segundo o establecido no artigo 17.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre a identificación electrónica:

- a) As sedes electrónicas da Xunta de Galicia identificaranse coa aplicación conxunta dos sistemas de sinatura electrónica, entre os que non se atopa o certificado de sede.
- b) As sedes electrónicas da Xunta de Galicia identificaranse coa aplicación conxunta que se determine en cada caso.
- c) As sedes electrónicas da Xunta de Galicia identificaranse coa aplicación conxunta dos sistemas de sinatura electrónica, entre os que se atopa o certificado de sede.

17. Segundo o establecido no artigo 18.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre a identificación dos empregados públicos:

- a) A Xunta de Galicia proverá o seu persoal de sistemas de sinatura electrónica. Non será válido o sistema de sinatura incorporado ao documento nacional de identidade.
- b) A Xunta de Galicia proverá o seu persoal de sistemas de sinatura electrónica. Só será válido o sistema de sinatura incorporado ao certificado de empregado público.
- c) A Xunta de Galicia proverá o seu persoal de sistemas de sinatura electrónica. En todo caso, serán válidos os sistemas de sinatura incorporados ao documento nacional de identidade e ao certificado de empregado público.

18. Segundo o establecido no artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre as comunicacións electrónicas:

- a) Este decreto só recolle a posibilidade de que a Xunta de Galicia se comunique obrigatoriamente por medios electrónicos con persoas xurídicas.
- b) Este decreto non recolle a posibilidade de que a Xunta de Galicia amplíe a obrigaón de comunicarse por medios electrónicos a interesados distintos das persoas xurídicas.
- c) A Xunta de Galicia poderá establecer a obrigatoriedade de comunicación por medios electrónicos con persoas xurídicas e con outros colectivos de persoas físicas por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados.

19. Segundo o establecido no artigo 25.5 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre a notificación electrónica:

- a) O medio electrónico sinalado para os efectos de notificación poderase revogar polo falecemento da persoa física ou pola extinción da persoa xurídica titular do medio electrónico.
- b) O medio electrónico sinalado para os efectos de notificación poderase revogar só por resolución do órgano directivo.
- c) O medio electrónico sinalado para os efectos de notificación non se poderá revogar.



SUBGRUPO A1-TEMA 8-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO

20. Segundo o establecido no artigo 27.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre os documentos electrónicos:

- a) A Xunta de Galicia garantirá a recepción por parte da persoa interesada dos documentos que emita por medios electrónicos.
- b) A persoa interesada deberá de garantir a recepción dos documentos que emita por medios electrónicos a Xunta de Galicia.
- c) A Xunta de Galicia só será responsable da remisión dos documentos electrónicos á persoa interesada.

21. Segundo o establecido no artigo 27.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre os documentos electrónicos:

- a) Se a persoa interesada presentase documentos electrónicos sen axustarse aos formatos e estándares aprobados, requiriráselle para que corrixa o defecto advertido.
- b) Se a persoa interesada presentase documentos electrónicos sen axustarse aos formatos e estándares aprobados, rexeitaranse de plano sen máis trámite.
- c) Se a persoa interesada presentase documentos electrónicos sen axustarse aos formatos e estándares aprobados, requiriráselle para que corrixa o defecto advertido no prazo de 15 días.

22. Segundo o establecido no artigo 28.5 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre o arquivo de documentos electrónicos:

- a) Os empregados públicos poderán emitir e transmitir por medios electrónicos copias auténticas dos documentos orixinais que obren no arquivo.
- b) Os empregados públicos poderán transmitir copias auténticas dos documentos orixinais que obren no arquivo.
- c) Os empregados públicos responsables poderán emitir e transmitir por medios electrónicos copias auténticas dos documentos orixinais que obren no arquivo.

23. Segundo o establecido no artigo 29.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre as copias electrónicas dos documentos electrónicos, terán a consideración de copias auténticas sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que o documento electrónico orixinal se atope en poder da Xunta de Galicia.
- b) Que o documento electrónico orixinal se atope en poder de calquera Administración.
- c) Que o documento electrónico orixinal se atope en poder da Xunta de Galicia e sexa obtido por quen sexa competente.

24. Segundo o establecido no artigo 29.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, poderanse xerar copias electrónicas auténticas dos documentos electrónicos:

- a) A partir doutras copias electrónicas auténticas.
- b) A partir doutras copias electrónicas auténticas, sempre que se observen os requisitos establecidos nos apartados anteriores.
- c) Non se poden facer outras copias electrónicas auténticas, xa que a sinatura electrónica é única e para cada caso.



SUBGRUPO A1-TEMA 8-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO

25. Segundo o establecido no artigo 29.5 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, no suposto de que o soporte orixinal do documento sexa papel:

- a) Requirirá a súa dixitalización previa.
- b) Requirirá a súa dixitalización previa, coa posterior comprobación por unha autoridade ou un funcionario.
- c) Deberá respectarse o formato orixinal sen cambios.

26. Segundo o establecido no artigo 29.7 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, serán copias auténticas os documentos en soporte papel:

- a) Cando a emisión por medios electrónicos e asinados electronicamente inclúan un código de verificación.
- b) Cando a emisión por medios electrónicos sexa asinada electronicamente.
- c) Se o orixinal está en papel, carece de validez a emisión electrónica.

27. Segundo o establecido no artigo 30.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, a expedición dun certificado administrativo por medios electrónicos realizarase:

- a) Exclusivamente a petición da persoa interesada.
- b) A petición da persoa interesada ou do propio órgano administrativo.
- c) Exclusivamente do propio órgano administrativo.

28. Segundo o establecido no artigo 30.5 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, un certificado administrativo deberá:

- a) Poder ser impreso en soporte de papel e conter un código de verificación xerado electronicamente.
- b) Poder ser impreso en soporte de papel.
- c) Poder ser impreso en soporte de papel e conter unha sinatura electrónica.

29. Segundo o establecido no artigo 31.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, sobre a compulsa electrónica:

- a) Realizarse mediante identificación dun funcionario.
- b) Realizarse mediante selo do persoal da Administración.
- c) Realizarse mediante selo da autoridade ou do persoal funcionario habilitado.

30. Segundo o establecido no artigo 32.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, enténdese por dixitalización certificada:

- a) Converter a imaxe nunha imaxe dixital mediante un escáner.
- b) Converter un documento en papel nunha imaxe dixital mediante un escáner carece de validez.
- c) Converter un documento en papel nunha imaxe dixital fiel e íntegra mediante un escáner.



SUBGRUPO A1-TEMA 8-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO

31. Segundo o establecido no artigo 33.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, respecto do expediente electrónico:

- a) Poderán almacenarse por medios electrónicos todos os expedientes administrativos, cando o orixinal sexa un documento electrónico.
- b) Poderán almacenarse por medios electrónicos todos os expedientes administrativos, con independencia do soporte que tivesen orixinariamente.
- c) En todo caso, almacenaranse por medios electrónicos todos os expedientes administrativos.

32. Segundo o establecido no artigo 33.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia, o expediente electrónico identificarase co:

- a) Código de clasificación, número de solicitude, asunto, órgano tramitador e a data de inicio da tramitación.
- b) Código de clasificación, número de solicitude, asunto e as datas de inicio e finalización da tramitación.
- c) Código de clasificación, número de solicitude, asunto, órgano produtor e as datas de inicio e finalización da tramitación.

